



Rebeca Villapol Baltar

INSPECCIÓN DO RÍO XUNCO:

O xoves 29 de outubro, os alumnos de terceiro da ESO fomos de visita ao río Xunco. Acompañáronos os profes Celso, Xoán Xosé e Montserrat. A nosa misión era a seguinte: indagar a saúde do río. Para isto, un especialista nestes casos viaxou dende Lugo ata Cervo para axudarnos na nosa experiencia.

Estivemos anotando nunhas fichas de resultados varios datos de interese para o exame do río, mentres paseabamos pola súa beira para observalo con claridade. En total, tan só percorrimos 500 m.

Algúns dos detalles que observamos foron a descripción do punto de mostraxe, as características físico-químicas da auga, como a súa temperatura, o PH, os nitratos, a transparencia ... e cómo era a vida no río, en canto a vexetación e animais.

Despois de observar algúns dos invertebrados que collemos do río, averiguamos cal era o estado de saúde deste. Entre os cinco estados nos que se podía atopar: (1- San; 2- Primeiros síntomas; 3- Deficiente; 4- Grave e 5- Moi grave), comprobamos que “O Xunco” atópase nun estado 2 aproximadamente.

A demais disto, nesta excursión tamén vimos cal era o estado do bosque de ribeira, no cal na marxe dereita (onde nós nos atopabamos) estaba ben conservado, e, en cambio, na marxe esquerda presentaba alteracións importantes.